

## INSTRUCCIÓN XERENCIAL DE 20 DE DECEMBRO DE 2013 PARA A XESTIÓN ECONÓMICA DOS ORZAMENTOS DOS MESTRADOS

Aprobados pola Comisión de Estudos de Posgrao os criterios de asignación do orzamento no exercicio 2014 aos mestrados sen e con repercusión económica no POD nas reunións do 18 de setembro e 16 de outubro de 2013, respectivamente, e ante a necesidade de clarexar as regras da xestión económica dos mestrados esta Xerencia dita a seguinte **instrución**:

A partir do 1 de xaneiro de 2014, e ata nova indicación, a xestión económica dos mestrados atenderá as seguintes regras:

- Con cargo á dotación orzamentaria anual aprobada polo Consello Social, a proposta do Consello de Goberno, só se poderán atender gastos de funcionamento consonte ao orzamento inicial ou as súas posteriores modificacións.
- Os docentes pertencentes á Universidade de Vigo só poderán recibir indemnizacións polas actividades que desenvolvan no caso dos mestrados sen repercusión no POD e sempre que estean rexistrados no aplicativo de xestión académica como docentes dese mestrado.
- Os gastos pola coordinación do mestrado, dos seus módulos, das súas materias, dos traballos de fin de mestrado ou das súas prácticas só se poderán aboar no caso dos mestrados sen repercusión en POD. Estes gastos non poderán superar nin:
  - a) o 10% do orzamento inicial do mestrado,
  - b) os 6.000 € por mestrado.
- No caso dos mestrados interuniversitarios, sen repercusión no POD, non poderán facerse pagos aos docentes doutras universidades participantes no programa interuniversitario.
- No caso dos mestrados non interuniversitarios, con repercusión no POD, só se poderán atender pagos a docentes alleos á Universidade de Vigo e só cando estes estean rexistrados no aplicativo de xestión académica e así o contemple a asignación inicial do orzamento dispoñible.

- No rexistro dos xustificantes de gasto no aplicativo de xestión económica é requisito imprescindible deixar constancia pormenorizada do gasto. No caso de gastos por docencia detallarase a actividade desenvolvida á data na que se realizou, o número de horas empregadas e o valor do módulo hora empregado.
- Os coordinadores dos mestrados son os responsables de decidir as actividades a desenvolver, incluídas as que teñan repercusión orzamentaria.

Os cambios que se pretendan levar a cabo nas actividades de docencia deben contar coa autorización da Vicerreitoría de Organización Académica, Profesorado e Titulacións. Cando estes cambios fagan precisa unha modificación orzamentaria, esta autorización debe ser previa ó inicio do expediente, por parte do Administrador do centro consonte ás normas de execución do orzamento.

Vigo, 20 de decembro de 2013

O Xerente



Manuel Fernández Jauregui